

## **BASES**

O Concello de Pontedeume convoca a **6ª EXPOSICIÓN (PONTEDEARTE)**, destinada ó espallamento e potenciación das artes plásticas de acordo coas seguintes bases:

- 1.- Poderán participar todos os artistas **maiores de 35 anos**, que residan en Pontedeume ou reciban ou estuden nalgunha entidade: academia, estudo ou particular da nosa vila.
- 2.- A modalidade á que poden concorrer e só **PINTURA**.
- 3.- Poderán presentar un **máximo de 2 cadros**. O formato non excederá dos 1,5 m. no seu lado maior.
- 4.- A **temática** e a técnica e **libre**.
- 5.- As obras deberán vir acompañadas da **fotocopia do D.N.I.**, e una **ficha técnica da obra** (título, medidas (alto x ancho), e técnica empregada. As fichas técnicas das obras entregaránse na Biblioteca Municipal de Pontedeume do 1 ao 8 de outubro de luns a venres de 17 a 20h.
- 6.- As **obras** para expoñer **entregaránse na Biblioteca Municipal do 11 ao 15 de outubro de luns a venres de 17 a 20h**.
- 7.- O comité organizador porá todo o coidado no traslado, manipulación e exposición das obras, pero non se responsabilizará de calquer dano ou perda producidos por causa allea á súa vontade.
- 8.- Ante calquer imprevisto o comité organizador está capacitado para resolver calquer atranco que impida o desenvolvemento da exposición.
- 9.- A participación nesta exposición supón a total aceptación destas bases.